

1.IDENTIFICACIÓN

TAREFA 1: “DESPEGANDO...AÍNDA QUE COS PÉS NA TERRA!”

ETAPA	PRIMARIA	NIVEL	3º E 4º
ÁREAS	CIENCIAS NATURAIS, LINGUA GALEGA E CASTELÁ, CIENCIAS SOCIAIS E VALORES	MESTRES	MARGOT

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

O **PRODUTO FINAL** relevante desta tarefa é unha **GUÍA PRÁCTICA PARA COIDAR A TÚA HORTA ECOLÓXICA**. A guía será INTERNIVEL, desde INFANTIL ATA PRIMARIA, distribuíndo o traballo segundo as capacidades do alumnado. En **3º e 4º de PRIMARIA** traballaremos na parte da guía dedicada ás **ASOCIACIÓNS E ROTACIÓNS DE CULTIVOS QUE BENEFICIAN Á NOSA HORTA**.

A guía promocionarase, para que adquira a súa relevancia social real, enviándolle ás familias o resultado a través das redes sociais do centro educativo. Ademáis, marcarase unha data concreta para a publicación da guía no propio centro. Enviaremos o resultado ao correo electrónico do concello de Tui ou a outras asociacións da contorna.

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

A nosa horta é o ecosistema terrestre máis próximo á nosa realidade, polo que partimos dela para investigar acerca dos beneficios que pode obter o planeta Terra a raíz de manter unha horta ecolóxica. Incidiremos en catro aspectos fundamentais ao longo da posta en práctica da tarefa: o chan (observando as capas da terra, a materia orgánica e a súa descomposición, a auga, o rego...), as sementes , as plantas de tempada na horta (as asociacións

e rotacións entre elas que son beneficiosas ou prexudiciais), os seres vivos na horta (microorganismos, animais e plantas beneficiosos, pragas e enfermidades). De aí o nome que leva esta tarefa: “Despegando...aínda que cos pés na terra!”, posto que partimos do planeta Terra e da nosa realidade próxima (a horta do cole) para investigar como é a vida dos animais e plantas na aterra e de que maneira contribúen á sustentabilidade do noso planeta.

CONTEXTO:

Ámbito de aprendizaxe “NATURAL E SOCIAL” na aula de recursos.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
1. Rutina de pensamento: VEXO, PENSO, PREGÚNTOME... sobre unha imaxe da TERRA EN PERIGO.	LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais. INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.	CSB2.15.1 Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo. INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.	
2. Visionado dun vídeo onde un marciano, que ven a horta do cole, fainos unha pregunta e vainos encomendar unha	LGB1.2.2. Selecciona información relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe.		

misión.	INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.		
3. CÍRCULO para responder á pregunta do marciano: <i>-As plantas poden axudar ao planeta Terra? De que xeito?</i>	CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación e obtén información. INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.		
4. XOGO DE PISTAS pola horta. A cada equipo se lle entrega un sobre cunha información.	LGB1.1.2. Identifica quen, que e onde nunha noticia. INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.		
5. En equipo, coa estrutura cooperativa lectura compartida , lemos a carta deixada polo marciano.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. INSTRUMENTO: Observación sobre unha Escala de Valoración.		
6. BRAINSTORMING do que significa para eles as palabras: GUÍA, ROTACIÓN E ASOCIACIÓN.	LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado das distintas palabras. INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.	LCB2.2.3. Elabora glosarios coas novas palabras. INSTRUMENTO: Observación das producións	

<p>7. En equipo, organizámonos e cubrimos o panel SCRUM indicando os pasos da MISIÓN(RETO).</p>	<p>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha Escala de Valoración.</p>		
<p>8. Ver vídeo: Nuestro huerto urbano ecológico.</p>	<p>LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación das producións(doc. folio xirat.)</p>	<p>LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.</p>	
<p>9. . Búsqueda de información nos equipos sobre:</p> <p>-Que é asociación de cultivos?</p> <p>-Beneficios das asociacións entre plantas</p> <p>-Asociacións beneficiosas e prexudiciais (plantas amigas e enemigas).</p> <p>Nunha mesa haberá diferentes soportes para acceder á información: libros, Tablet, PC, fotocopias...</p>	<p>LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.</p>	<p>CNB1.1.1 Selecciona a información importante.</p> <p>INSTRUMENTO: Análise do organizador gráfico Bubble Map e Flow Map</p>	<p>CSB1.2.1. Participa en actividades de grupo e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha Escala de Valoración.</p>

<p>10. Posta en común en gran grupo da información.</p>	<p>LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado a súa idade.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha Escala de Valoración</p>	<p>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos compañeir@s, en conversas e exposicións sen interromper.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha Escala de Valoración.</p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha Escala de Valoración.</p>
<p>11. Revisar o panel SCRUM</p>	<p>VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo.</p> <p>INSTRUMENTO: Rexistro anecdótico.</p>		
<p>12. . O alumnado responderá a esta pregunta nos equipos: <i>Por que é bo que rotemos o que plantamos na nosa horta?</i></p>	<p>CSB1.2.1 Participa en actividades individuais e de grupo e emplea estratexias de traballo cooperativo cun comportamento responsable, constructivo e solidario e respecta os principios básicos do comportamento democrático.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha Escala de Valoración.</p>		
<p>13. Búsqueda de información nos equipos sobre: <i>¿Como organizo a rotación dos cultivos?</i></p>	<p>LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo.</p> <p>INSTRUMENTO: Observación sobre unha lista de cotexo</p>	<p>CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.</p> <p>INTRUMENTO: Observación das producións.</p>	
<p>14. Poñemos en práctica exemplos de rotación de</p>	<p>CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e</p>	<p>CSB2.15.3 Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un</p>	

cultivos no noso horto.	tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. INSTRUMENTO: Observación das producións.	consumo responsable. INSTRUMENTO: Observación sobre unha Lista de Cotexo.	
15. Preparación das presentacións finais para a GUÍA (textos, imaxes...)	CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. INSTRUMENTO: Observación das producións.		
16. Avaliación do Plan de traballo (panel SCRUM)	CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado. INSTRUMENTO: Análise do panel SCRUM.	CNB1.1.5. Saca conclusións sobre como traballa e aprende. INSTRUMENTO: Análise do panel SCRUM.	

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
1. Entrada do alumnado no ámbito social-natural e proxección na pantalla dunha imaxe da TERRA EN PERIGO.	1.1 Ver a imaxe durante uns segundos en silencio.	1.2 Rutina de pensamento: VEXO, PENSO, PREGÚNTOME... para dar resposta á imaxe.	1.3 Posta en común das aportacións.	

2. Visionado da primeira parte dun vídeo, onde un marciano, que ven á Terra e aterriza na horta do cole, fainos unha pregunta para encomendarnos unha misión.	2.1 Ver o vídeo intentando comprender a información.	2.2 CÍRCULO para responder á pregunta do marciano: <i>-As plantas poden axudar ao planeta terra? De que xeito?</i>	2.3 Participar de forma activa dando opinións.	
3. Visionado do resto do vídeo coa mensaxe do marciano.	3.1. Ver o vídeo intentando comprender a información.			
4. XOGO DE PISTAS pola horta. A cada equipo se lle entrega un sobre cunha información.	4.1 Ver, ler e comprender a información entregada a cada equipo.	4.2 Baixar á horta e identificar os lugares que aparecen na información entregada.	4.3 Búsqueda da pista por cada equipo.	4.4 Resolver a pista (sopa de letras) para poder obter a carta deixada polo marciano (un anaco a cada equipo).
5. En equipo, coa estrutura cooperativa lectura compartida , lemos a carta deixada polo marciano.	5.1 Ler o anaco de carta que tocou en cada equipo.	5.2 Posta en común en gran grupo.	5.3 Decodificar a MISIÓN que nos propón o marciano: facer unha GUÍA PRÁCTICA PARA COIDAR O NOSO HORTO ECOLÓXICO.	
6. BRAINSTORMING do significado das palabras que aparecen na misión: GUÍA, ROTACIÓN E ASOCIACIÓN.	6.1. Búsqueda de sinónimos das palabras dadas, activando os coñecementos previos e/ou utilizando diferentes soportes (diccionario físico e/ou dixital)	6.2 Elaboración dunha nube de palabras con todas as atopadas. https://wordart.com		
7. En equipo, organizámonos e cubrimos o	7.1 Determinar os obxectivos a traballar, a temporalización.	7.2 Identificar as dificultades e procura de		

panel SCRUM indicando os pasos da MISIÓN		solucións.		
8. Ver vídeo: Nuestro huerto urbano ecológico.	8.1 Ver o vídeo e comprender a información.	8.2 Estrutura cooperativa Folio xiratorio para recoller todos os produtos da horta que nomean no vídeo.	8.3 Posta en común de tódalas achegas dos equipos.	
9. Búsqueda de información nos equipos sobre: -Que é asociación de cultivos? -Beneficios das asociacións entre plantas -Asociacións beneficiosas e prexudiciais (plantas amigas e enemigas). Nunha mesa haberá diferentes soportes para acceder á información: libros, Tablet, PC, fotocopias...	9.1 Seleccionar a información en función dos criterios.	9.2 Estrutura cooperativa de Lectura compartida do texto en Lectura fácil: Beneficios da asociación de cultivo.	9. Visionado de vídeos e consulta de libros onde aparecen diferentes asociacións de plantas (Milpa, Ensalada, outras...)	9.4 Elaboración de Thinkings maps con toda a información recollida. (flow maps e bubble maps)
10. Posta en común en gran grupo da información.	10.1 Cada equipo expón ao resto a información recollida nos Thinkings maps.			
11. Revisar o panel SCRUM	11.1 Cubrir e/ou completar o panel SCRUM			
12. O alumnado responderá a esta pregunta nos equipos: <i>Por que é bo que rotemos o que plantamos</i>	12.1 Estrutura cooperativa Lápices ao centro para dar resposta.	12.2 Posta en común das respostas dadas.		

<i>na nosa horta?</i>				
13. Búsqueda de información nos equipos sobre: <i>¿Como organizo a rotación dos cultivos?.</i>	13.1 Lectura compartida dun texto para atopar a información.	13.2 Posta en común por medio dunha táboa		
14. Poñemos en práctica exemplos de rotación de cultivos no noso horto.	14.1 . Cada equipo base prepara unha caixa de cultivo: unha caixa por froitos, outra por raíces e outra por follas co fin de reproducir a rotación dos cultivos.	14.2 Plantación das especies correspondentes e elaboración das flechas.	14.3 Gravación do proceso.	
15. Preparación das presentacións finais para a GUÍA (textos, vídeo e imaxes...)	14.1 Pensamos e decidimos o resultado final en equipo			
16. Avaliación do Plan de traballo (panel SCRUM)	15.1 Acabar de cubrir e reflexionar sobre o Panel SCRUM.	15.2 Reflexión sobre os pasos de Plan de traballo (se houbo modificacións, se os pasos se foron conseguindo ou hai algún en proceso...)		

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMP.
-------------	-----------	-------------	---------------------	-------

1. Rutina de pensamento: VEXO, PENSO, PREGÚNTOME... sobre unha imaxe da TERRA EN PERIGO.	Aula	Gran grupo Individual	PDI, proxector, ordenador Soporte 1 (imaxe da Terra en perigo) Soporte 2 (doc. vexo, penso, preguntome...)	15 min.
2. Visionado dun vídeo, onde un marciano, que ven a horta do cole, fainos unha pregunta e vainos encomendar unha misión.	Aula	Gran grupo	PDI, proxector, ordenador e Vídeo: https://youtu.be/MvQStHSKQss	10 min.
3. CÍRCULO para responder á pregunta do marciano: <i>-As plantas poden axudar ao planeta terra? De que xeito?</i>	Aula	Gran grupo	Obxecto da palabra: pelota imaxinaria.	15 min.
4. XOGO DE PISTAS pola horta. A cada equipo se lle entrega un sobre cunha información.	Horta (ou patio cuberto, se chove)	Equipo base	1º Sobre: Soporte 3 2º sobre: Soporte 4	25 min.
5. En equipo, coa estrutura cooperativa lectura compartida , lemos a carta deixada polo marciano.	Aula	Equipo base	Carta do marciano en tres anacos (Soporte 5)	25 min.

<p>6.BRAINSTORMING do significado das palabras: GUÍA, ROTACIÓN E ASOCIACIÓN.</p>	<p>Aula</p>	<p>Equipo base</p>	<p>3 Diccionarios galego/castelán Ordenador, tablets,PDI, Proxector. Programa: https://wordart.com</p>	<p>80 min.</p>
<p>7. En equipo, organizámonos e cubrimos o panel SCRUM indicando os pasos da MISIÓN(RETO).</p>	<p>Aula</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Panel SCRUM</p>	<p>20 min.</p>
<p>8. Ver vídeo: Nuestro huerto urbano ecológico.</p>	<p>Aula</p>	<p>Gran grupo Equipo base</p>	<p>PDI, proyector, ordenador Vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=DZ1USd9A8Ik&list=LLJnFZJc44uupGIqbwOCYS9Q&index=273&ab_channel=Minimalistamente Soporte 6 (doc. do folio xiratorio)</p>	<p>12 min.</p>
<p>9. Búsqueda de información nos equipos sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Que é asociación de cultivos? -Beneficios das asociacións entre plantas -Asociacións beneficiosas e prexudiciais (plantas amigas e enemigas). <p>Nunha mesa haberá diferentes soportes</p>	<p>Aula</p>	<p>Gran grupo Equipo base</p>	<p>PDI, proyector, ordenador, Vídeos: https://www.lahuertinadeto.es/bancal-ensalada-cultivar-tomate-lechuga-y-cebolla/ http://huertoslacorredoria.es/miweb.es/videos/cultivos/as</p>	<p>100 min</p>

para acceder á información: libros, Tablet, PC, fotocopias...			ociacion-precolombina-o-milpa-maiz-judias-calabazas-la-huertina-de-toni.html https://www.youtube.com/watch?v=GA4VDDXUqrs&ab_channel=DNOLFarming Bibliografía variada sobre hortos. Soporte 7 (Textos en LF: <i>Beneficios da asociación de cultivos</i>) Soporte 8 (Thinkings maps das asociación)	
10. Posta en común en gran grupo da información.	Aula	Gran grupo Equipo base		15 min.
11. Revisar Panel SCRUM	Aula	Gran grupo Equipos	Panel SCRUM	15 min.
12. O alumnado responderá a esta pregunta nos equipos: <i>Por que é bo que rotemos o que plantamos na nosa horta?</i>	Aula	Equipo base	Soporte 11 (Doc. de lápices ao centro)	20 min.

13. Búsqueda de información nos equipos sobre: <i>¿Como organizo a rotación dos cultivos?.</i>	Aula	Equipo base	Soporte 12 (textos sobre rotación dos cultivos). Bibliografía variada.	25 min.
14. Poñemos en práctica no noso horto exemplos de rotación de cultivos.	Horto do cole	Equipo base	Bandexas de cultivos, compost/terra, especies para plantar que podan rotar, palas, auga, regadera, flechas en papel, móbil.	60 min.
15. Preparación das presentacións finais para a GUÍA (textos, imaxes, vídeos...)	Aula	Equipo base Gran grupo	Materiais elaborados ao longo do proceso, fotos vídeos...	30 min.
16. Avaliación do plan de traballo: PANEL SCRUM.	Aula	Equipo base Gran grupo	Panel SCRUM	25 min.

ACTIVIDADES PROPOSTAS DO ÁMBITO PARA O ENSINO MIXTO

ACTIVIDADES	ENSINANZA SEMIPRESENCIAL	ENSINANZA DIXITAL
1. Rutina de pensamento: VEXO, PENSO, PREGÚNTOME... sobre unha imaxe da TERRA EN PERIGO.	O alumnado non presencial participará respondendo as preguntas mediante unha vídeo chamada.	O alumnado participará respondendo as preguntas orais mediante vídeo chamada, respectando as quendas de palabra que dite a profesora.
2. Visionado dun vídeo, onde un marciano, que ven a horta do cole, fainos unha pregunta e vains encomendar unha misión.	O alumnado non presencial visualizará individualmente o vídeo.	Conexión WEBEX en equipos base. Visualización do vídeo enviado polo marciano de forma individual.
3. CÍRCULO para responder á pregunta do marciano: <i>-As plantas poden axudar ao planeta terra? De que xeito?</i>	O alumnado non presencial responderá á pregunta cando algún compañeir@ lle pase o turno, pasándolle virtualmente o obxecto da palabra.	Conexión WEBEX. O alumnado responderá á pregunta cando algún compañeir@ lle pase o turno, pasándolle virtualmente o obxecto da palabra.
4. XOGO DE PISTAS pola horta. A cada equipo se lle entrega un sobre cunha información.	O alumnado non presencial seguirá o xogo de pistas dos compañeir@s dos seus respectivos equipos pola cámara por conexión WEBEX. Se lle enviará un documento (soporte 4) para cubrir cos seus compañeiros de equipo base.	Conexión WEBEX. Cada equipo recibirá un documento (soporte 3) e intentarán adivinar que plantas hai nesa foto e lugar de patio onde se atopa. Unha vez descifrado por cada equipo, enviaremos un segundo documento (soporte 4) pola aula virtual para resolver por equipos. Poñemos en común vía WEBEX.

<p>5. En equipo, coa estrutura cooperativa lectura compartida, lemos a carta deixada polo marciano.</p>	<p>Enviaremos a carta (soporte 5), ao alumnado non presencial, pola aula virtual, que terán que ler. Poremos en común o contido da carta entre todo@s.</p>	<p>Conexión WEBEX coa clase. Cada nen@ lerá un anaco de carta que terá que resumir o seguinte nen@, así ata rematala. As quendas as porá a profesora.</p>
<p>6. BRAINSTORMING do significado das palabras: GUÍA, ROTACIÓN E ASOCIACIÓN.</p>	<p>O alumnado non presencial participará aportando palabras. Poden buscar sinónimos en internet, dicionarios, etc.</p>	<p>Conexión WEBEX da clase aportando palabras buscadas por internet, dicionario, etc. A profesora elaborará unha nube de palabras coas sinónimas das tres aportadas.</p>
<p>7. En equipo, organizámonos e cubrimos o panel SCRUM indicando os pasos da MISIÓN(RETO).</p>	<p>Conexión WEBEX coa clase.</p>	<p>Conexión por vídeo chamada e dixitalización do panel SCRUM.</p>
<p>8. Ver vídeo: Nuestro huerto urbano ecológico. Recollida de todos os produtos de horta que se nomean no vídeo, mediante a estrutura de folio xiratorio</p>	<p>O alumnado non presencial visualizará o vídeo individualmente. Anotará nun documento en branco, todos os produtos de horta que se nomean no vídeo que lembre. Enviará o documento pola aula virtual.</p>	<p>Conexión WEBEX. Visualización do vídeo de forma individual. Anotación individual dos produtos de horta que se nomean no vídeo, que lembre, nun documento que enviará pola aula virtual. Comentario do acontecido no vídeo por vídeo chamada.</p>
<p>9. Búsqueda de información nos equipos sobre: -Que é asociación de cultivos? -Beneficios das asociacións entre plantas -Asociacións beneficiosas e prexudiciais</p>	<p>O alumnado non presencial, enviaráselle os vídeos e as lecturas coa información (soporte 7). Tamén os thinkings maps (soporte 8) para plasmala de xeito visual e enviarán o feito pola aula virtual. Por conexión WEBEX comentaremos os resultados na clase.</p>	<p>A profesora enviaralle os vídeos e as lecturas coa información (soporte 7). Tamén os thinkings maps (soporte 8) para plasmala de xeito visual e enviarán o feito pola aula virtual. Por conexión WEBEX comentaremos os resultados.</p>

<i>(plantas amigas e enemigas).</i>		
10. Posta en común en gran grupo da información.	Conexión WEBEX co alumnado non presencial.	Conexión WEBEX.
11. Revisar Panel SCRUM	Conexión WEBEX coa clase.	Conexión por vídeo chamada e dixitalización do panel SCRUM.
12. O alumnado responderá a esta pregunta nos equipos: <i>Por que é bo que rotemos o que plantamos na nosa horta?</i>	Conexión WEBEX coa clase e respectando as quendas.	Conexión WEBEX coa clase e respectando as quendas.
13. Búsqueda de información nos equipos sobre: <i>¿Como organizo a rotación dos cultivos?.</i>	Conexión WEBEX. O alumnado non presencial recibirá un documento con información da rotación de cultivos pola aula virtual e participará na resposta da pregunta cos seus compañeir@s.	Conexión WEBEX. O alumnado recibirá un documento con información da rotación de cultivos pola aula virtual e participará na resposta da pregunta cos seus compañeir@s.
14. Poñemos en práctica no noso horto exemplos de rotación de cultivos.	O alumnado non presencial seguirá a plantación dos seus compañeir@s pola cámara por conexión WEBEX. Se é posible, este alumnado reproducirá na súa casa un tipo de rotación de cultivo e enviará unha foto pola aula virtual.	Conexión WEBEX. Coa información atopada na actividade anterior, cada nen@ intentará reproducir unha rotación de cultivos (pode ser real e sacar unha foto, pode ser en debuxo) . A foto e/ou o debuxo a

		enviará pola aula virtual.
15. Preparación das presentacións finais para a GUÍA (textos, imaxes, vídeos...)	Conexión WEBEX. Poremos en común todo o que temos feito para a GUÍA (aspectos a mellorar, cousas que faltan, etc.)	Conexión WEBEX. Poremos en común todo o que temos feito para a GUÍA (aspectos a mellorar, cousas que faltan, etc.)
16. Avaliación do plan de traballo: PANEL SCRUM.	Conexión WEBEX co alumnado non presencial.	Conexión WEBEX coa clase.

EXEMPLO DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

LISTA DE COTEXO			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	SI	NON	OBSERVACIÓNS
LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.			
CSB2.15.1 Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.			

LGB1.2.2. Selecciona información relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe.			
CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación e obtén información.			
LGB1.1.2. Identifica quen, que e onde nunha noticia.			
LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado das distintas palabras.			
LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo.			
LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.			
LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.			
CSB2.15.3 Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.			

ESCALA DE VALORACIÓN

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	NADA	POUCO	SUFICIENTE	MOITO	OBSERVACIÓNS
<i>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotidianas.</i>					
<i>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais</i>					
<i>CSB1.2.1. Participa en actividades de grupo e emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario.</i>					
<i>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos compañeir@s, en conversas e exposicións sen interromper.</i>					
<ul style="list-style-type: none"> • escoita activa respectando aos compañeir@s 					
<ul style="list-style-type: none"> • Intervén cando é preciso argumentando a súa participación 					
<i>LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.</i>					
<i>CSB1.2.1 Participa en actividades individuais e de grupo e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.</i>					
<ul style="list-style-type: none"> • Participa activamente aportando ideas 					

• Esforzase por avanzar con responsabilidade					
• Coida o material					
LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado a súa idade					

ESCALA VALORACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE				
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade do traballo na aula foi axeitado ao alumnado?				
2. Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a participación activa do alumnado?				
4. Deuse resposta educativa ao alumnado NEAE?				
5. As necesidades do alumnado foron atendidas?				
6. Valorouse ao traballo en equipo do alumnado?				
7. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación?				
8. Incorporáronse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe?				
9. Ofertouse unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo?				
10. Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral?				
11. Elaboráronse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender				

á diversidade?				
12. Hai unha proporción equilibrada de traballo grupal e individual?				
13. Contouse co apoio e a implicación das familias?				